




Axustes no ICO e novos IM€T, como nos afectan na selección xenética

Valoramos as distintas novidades que nos deixa 2019 en canto aos diferentes índices xenéticos que utilizamos nas ganderías á hora da selección dos touros: cambios na fórmula do ICO, novos índices económicos e axustes nos valores máximos e mínimos dos diferentes trazos morfolóxicos.

Fernando Rego López¹, José Luis Méijome Blanco²

¹Técnico de apareamentos de Africor Lugo

²Técnico de apareamentos de Africor Pontevedra

Adaptarse á realidade do mercado do sector leiteiro e tratar de reorientar os puntos máis débiles do rabaño gandeiro foron as principais causas que levaron a Confederación de Asociacións de Frisona Española (Conafe) a axustar a fórmula do ICO, o seu índice de mérito xenético total oficial, e a reestruturar os pesos dos valores que a conforman. Así, o pasado mes de xuño saían á luz as avaliacións xenéticas con este ICO renovado e publicábanse catro novos índices de mérito económico: IM€T_{Leite}, IM€T_{Queixo}, IM€T_{Eco} e IM€T_{Pasto}.

Tres grandes bloques conforman o índice ICO: produción, tipo e funcionalidade e dentro de cada unha das áreas datos como os kg de leite, os kg e as porcentaxes de graxa e proteína, o índice de patas e pés (IPP), o índice composto de ubre (ICU), estrutura e capacidade, o índice xeral de tipo (IXT), os días abertos, o reconto de células somáticas, a lonxevidade, a velocidade de muxido, a colocación dos tetos etc.

Desde 1992 ata a actualidade o ICO foi sufrindo cambios nos pesos que cada unha destas partes tiñan na fórmula total e tamén foi incorporando

novos trazos. Así, por exemplo, o peso da produción pasou nestes quince anos do 74 % ao 49 %, a porcentaxe para o tipo foi sufrindo cambios ata o 20 % de agora, chegando en 2003 ao 35 %, e os caracteres funcionais sumáronse en 2003 cun peso do 6 %. Na actualidade teñen un 31 %.

Tras os últimos cambios aplicados neste ano, os tres grandes bloques do ICO quedan cos seguintes pesos: a produción ten un 49 % do peso total; os trazos de tipo, un 20 %, e os funcionais, un 31 %.

Entre os cambios que cabe resaltar é salientable a entrada nos caracte-

► SERÁ MÁIS FRECUENTE VER NOS PRIMEIROS POSTOS TOUROS QUE SON MÁIS MELLORANTES PARA GRAXA E PROTEÍNA QUE PARA PRODUCCIÓN

res funcionais dun novo factor como o índice de saúde podal, cun peso do 4 %, e as variacións das porcentaxes da graxa e do leite na produción, a graxa aumentou a súa forza na fórmula ata o 17 % en detrimento do leite, que baixou ata o 11 %. A proteína mantívose case invariable, baixando só tres puntos, e os caracteres de tipo tamén seguen máis ou menos igual. ►►

Táboa 1. Evolución dos pesos relativos aplicados no ICO desde 1992

	ICO 1992	ICO 1995	ICO 2001	ICO 2003	ICO 2010	ICO 2015	ICO 2019
Produción	74,9	66	66	59	57	51	49
kg leite	8,25	-	-	12	22	23	11
kg graxa	8,25	10	10	12	4	4	17
kg proteína	41,7	51	51	32	30	24	21
% graxa	-	-	-	-	-	-	-
% proteína	16,7	5	5	3	-	-	-
Tipo	25,1	34	34	35	29	23	20
Índice de patas e pés (IPP)	7,2	4	8,16	10	11	9	8
Índice composto de ubre (ICU)	7,2	15	17	16	18	14	12
Estrutura e capacidade	3,5	-	-	-	-	-	-
Índice xeral de tipo (IXT)	7,2	15	8,84	9	-	-	-
Funcionalidade	-	-	-	6	14	26	31
Días abertos	-	-	-	-	3	8	8
Reconto de células somáticas	-	-	-	3	3	8	8
Lonxevidade	-	-	-	3	8	10	11
Índice de saúde podal (ISP)	-	-	-	-	-	-	4



EL NUEVO NOMBRE PARA



antigerm medentech G3

POWER BLUE MIX



SELLADOR MARCANTE DE DIÓXIDO

POTENTE ACCIÓN DESINFECTANTE

Fungicida
Bactericida
Viricida

REFORZADO CON AGENTES COSMÉTICOS

Hidratación
hasta el
siguiente ordeño.

FUERTE EFECTO MARCANTE

Aplicación muy
visible
sin manchas

CONSUMO CONTROLADO

Viscosidad
óptima




KERSIA IBERICA, S.L.

Tel: 948 32 45 32 | kersiaiberica@kersia-group.com

www.kersia-group.com

Gráfico 1. Composición do novo IXT



► EN CADA GANDERÍA DEBEREMOS CONTINUAR APOSTANDO POLOS CRITERIOS DE SELECCIÓN ESTABLECIDOS

Gráfico 2. Composición do novo ICU





Gráfico 3. Composición do novo IPP



CAMBIOS NO IXT, NO ICU E NO IPP

Xunto aos recentes cambios no ICO, temos que ter en conta as novas relacións que hai dentro do índice xeral de tipo (IXT), do índice composto de ubre (ICU) e do índice de patas e pés (IPP).

A concepción da vaca funcional foi cambiando nestes últimos anos e a evolución xenética da raza levounos a ter animais cada vez máis grandes e altos. Por mor de dúas cuestións básicas como o manexo e a eficiencia alimentaria das frisonas, no novo **índice de tipo (IXT)** a estatura pasa a un segundo plano e gañan peso a colocación dos tetos posteriores e a mobilidade das patas.

En canto ao **índice composto de ubre (ICU)**, o muxido robotizado está marcando o camiño de como deben ser os ubres das vacas do futuro. Son tres os caracteres que levan máis peso neste índice, de maior a menor: a profundidade do ubre (24 %), a inserción anterior (23 %) e o ligamento suspensor (20 %). Tamén é importante destacar que en canto á colocación dos tetos, antes só se avaliaban os anteriores e agora inclúense os posteriores. O valor ideal para a colocación dos tetos, tanto anteriores como posteriores, é o 0, é dicir, búscase que o teto estea o máis centrado posible en cada cuarto. Tamén se suma a este índice a lonxitude dos tetos, que non deben ser nin moi longos nin moi curtos.

No novo **índice de patas e pés (IPP)** collen forza os trazos de vista posterior e membros e aplomos e perde peso a vista lateral, todo na busca dunhas patas intermedias, nin moi rectas nin moi curvas.

► NUNCA DEBEMOS COMPARAR UN TOURO CON OUTRO QUE PERTENZA A UN SISTEMA DIFERENTE

COMO NOS AFECTA O NOVO ICO

Estas permutas no índice de mérito xenético total oficial de Conafe non van influír á hora de escoller os touros para as nosas explotacións. Ocasionalmente unha recolocación dos touros nos diferentes *rankings* xenéticos, pero en cada gandería deberemos continuar apostando polos criterios de selección establecidos. Iso si, deberemos ter sempre moi en conta os pesos de cada trazo para elixir ben os nosos sementais.

Como vimos de describir, o novo ICO ten menos en conta a produción e prima un pouco máis a graxa, porque así parece que o marcan os mercados, pero se, por exemplo, na nosa explotación o que queremos é producir leite e a nosa industria non nos paga as calidades, poderemos seguir escollendo touros que, aínda sen estar posicionados nos primeiros postos, melloren a produción dos nosos animais. O novo ICO vai primar eses touros máis mellorantes para calidades, pero nós dentro da nosa explotación poderemos seguir tendo os nosos criterios de selección independentemente do posto no que se sitúen.

Este exemplo débemolo aplicar a calquera dos caracteres. Pode ser que non precisemos sempre touros dos primeiros postos, senón que se adapten mellor aos sistemas de traballo cos que conte cada granxa.

Temos que ter en conta que co ICO anterior os touros con maior produción sempre se colocaban nas primeiras posicións das listaxes, porque a produción de leite tiña un peso superior ao 20 % na fórmula total do índice. Agora, a produción só conta cun 11 %, entón será máis

frecuente ver nos primeiros postos touros que son máis mellorantes para graxa e proteína que para produción ou touros máis fortes en caracteres funcionais, trazos con máis peso no novo índice.

ÍNDICES ECONÓMICOS

Ademais de coñecer os pesos que cada trazo ten nas fórmulas dos índices que utilizamos para seleccionar os nosos touros, debemos ter en conta uns novos índices de mérito económico que puxo Conafe á disposición das granxas desde o mes de xuño.

Estes índices valoran en cantidade de euros o que nos pode ofrecer unha vaca nunha lactación durante un ano natural e están orientados á produción de leite, á produción de sólidos, á produción en pastoreo ou á produción en ecolóxico. Son os chamados $IM\epsilon T_{Leite}^{Queixo}$, $IM\epsilon T_{Pasto}^{Queixo}$ e $IM\epsilon T_{Eco}^{Queixo}$.

O $IM\epsilon T_{Leite}^{Queixo}$, específico para a produción de leite líquido para consumo, baséase no mesmo escenario económico que o ICO coa entrada de caracteres como a velocidade de muxido, a facilidade de parto e o tamaño das vacas; a consideración de cada carácter polo seu peso económico, en lugar de agrupados, e a utilización dos euros como unidade do índice de rendibilidade por vaca e ano.

É un índice que se asemella moito ao ICO, ao que necesitan a maior parte das explotacións, onde o leite segue tendo un peso do 11 %; a proteína, dun 25 %, e a graxa, dun 19 %.

O segundo en importancia, se temos en conta as ganderías galegas que o utilizarían, sería o $IM\epsilon T_{Queixo}^{Pasto}$. Dada a tendencia do mercado, está enfocado a granxas que orientan a súa produción á elaboración de queixos cun sistema que prima máis os compoñentes: peso negativo dos quilos de leite, maior peso dos quilos de graxa e proteína e menos peso de ICU, IPP e lonxevidade que no ICO ou no $IM\epsilon T_{Leite}^{Queixo}$. Localizaranos os touros máis mellorantes tanto para graxa como para proteína, touros completos para a produción de sólidos.

Támén contamos co $IM\epsilon T_{Pasto}^{Queixo}$ para as ganderías que traballan en pastoreo, o cal axuda a lograr vacas que non necesiten de tanta achega de enerxía e nas que non se prime tanto a produción. Pola súa parte, o $IM\epsilon T_{Eco}^{Queixo}$ define un obxectivo de selección para aquelas ganderías acollidas ao regula-

mento sobre produción e etiquetaxe de produtos ecolóxicos, considerando as condicións produtivas que esta norma impón cun maior peso da produción e, tamén, cuns prezos e primas diferenciadas.

Os índices económicos vannos servir de axuda á hora de seleccionar os touros. Non debemos facelo só por ICO, só por ubres ou só por patas, podemos seleccionar os touros combinando os datos que nos proporciona o ICO e apoiarlo cos do índice económico que máis se axuste a cada explotación.

Pensem nun caso práctico. Se estamos vendendo leite a unha queixería, teremos que seleccionar os mellores touros do ICO que se adapten ao noso sistema de produción e, entre eses, os máis mellorantes para graxa e proteína. Esta información poderánola facilitar moito mellor o $IM\epsilon T_{Queixo}^{Leite}$. Así podemos traballar sempre para este e para outros factores, como o ecolóxico ou o pastoreo.

SISTEMAS NON COMPARABLES

Por último, queremos subliñar neste artigo que é moi importante cando estudamos a proba dun touro ter claro en que sistema estamos vendo eses datos, pois nunca debemos comparar un touro con outro que pertenza a un sistema diferente, porque as valoracións medias, máximas e mínimas para cada trazo poden variar moito duns sistemas a outros.

Ademais do cambio de base que se aplicou á fórmula do ICO no sistema español, temos que ter en conta que houbo un reaxuste e acoutamento nos rangos de valores de cada trazo.

Por exemplo, dentro do percentil 99, do 1 % dos mellores touros, os valores medios para ubres, patas e tipo están ao redor do 2. Iso dános unha orientación de que un touro cun 2 sería un touro moi mellorante para cada un dos caracteres. Pola contra, os máximos e os mínimos para estes mesmos trazos son un pouco diferentes. Non poderemos atopar ningún touro con máis dun 2,82 para ubres, pois ese sería o valor máximo que temos no sistema español para ICU, nin intentar buscar máis nota que un 3,19 ou un 3,17 para patas ou para tipo.

Os valores medios, máximos e mínimos para cada trazo son datos que debemos ter moi presentes á hora de elixir un touro e nunca comparar con outros sistemas. ■